

I. DEPOSICIÓN XERAIS MISTERIO ORZÁNICO

O PAPA LEÓN XIV

(Muiñeira de santo Amaro)

O Papa León XIV
O Papa León XIV
É galego, ben se ve,
Mais o que ninguén sabía
E foi sempre silenciado
que León era muller.

Retrouso

O Papa León era muller
o Papa León era unha muller
o Papa León era muller
marchou da Galiza mais quere volver

Unha moza de Porriño
Ela quería ser cura
"Ai, nena, non pode ser"
Rabía, carraxe e xenreira
"Fuxirei ao Vaticano
E de Mam(m)a vestirei"

Retrouso

Por fin instalada en Roma
"Ti valías para monxa"
"Non! Non! Non! Transitarei!
Serei mozo, crego e santo
Chamareime Robert Francis
Chegarei a Papa Rei!"

Retrouso

Galiza hoxe está de festa
Viva a moza porriñesa
Con corazón de leoa
Que tivo que mudar o nome
E converterse en León
Para levar a coroa.



PAVÍMENTAME

(Contamíname, de Pedro Guerra)



Cóntame o conto da boa pipa,
do mal cemento:
das zonas verdes que che debemos.

Dime dos pisos e apartamentos
que estás facendo
alá nas Xubias, no monte Mero.

Pavímentame, sácame de diante to-
das as arbres
Vai, con estes seis anos tivemos bas-
tante
Vai, pasa para casa que chegas
tarde.
Vai, vai modernizar Guinea-Conakry

**Pavímentame, remata comigo
e farás moi ricos os teus amigos
Pavímentame, remata comigo
e farás moi ricos os teus amigos**

Cóntame o conto deses turistas
que traen diñeiro,
dos limpos fumes deses cruceiros.

Dime as bondades e marabillas
do teu comercio:
"Sabor a España" é o primeiro.

Humanízame, pero non con turistas
nin fodechinhos
vai, con estes seis anos tivemos bas-
tante
Vai, pasa para casa que chegas
tarde.
Vai, vai modernizar Guinea-Conakry

**Pavímentame, remata comigo
e farás moi ricos os teus amigos
Pavímentame, remata comigo
e farás moi ricos os teus amigos**

Cóntame o bulo ese da Cultura
e dos concertos:
de Reguetón, todos ben popeiros.

Dime dos festis de pulseriña
para os nenos

que paga a nai tras pedir diñeiro.

Culturízame, pero no con Quevedo,
prefiro ó Fari
vai, con estes seis anos tivemos bas-
tante
Vai, pasa para casa que chegas
tarde.
Vai, vai modernizar Guinea-Conakry

AI, ESTÁRBAS

(Merengue Caña brava)



Abram todas as orelhas
que hoje vimos pra cantar
a noticia esplendorosa
de que *habemus* Êstar-Bás.

N'há cidade neste mundo
que não tenha catedral,
ou que falte, se é moderna,
Macdonals nem Estárbas.

Retrouso

**No Estárbas a tortilla
leva topins de Nocilla**

Graças a este grande invento
os turistas não terão
de ir aos antros com a chusma
de Mont'Alto e mais do Orçã.

As bondades dum Estárbas
eu direi quais elas são:
máus salários, menos tascas
e mais gentrificação.

Retrouso

Nem se queixem polos preços
que compensam c'o sabor,
que o café que vende o Estárbas
é um purgante do melhor.

O café que vende o Estárbas
é um café mui delicado,
que lho regam os senhores
com sangue palestiano.

Retrouso

Terminamos as louvanças
que cantamos polas ruas,a dizermos:
"Ai, Estárbas,
muito estorvas ti na Crunha.

NON ME MIRES, NON ME MIRES

(Nordés, dos Diplomáticos de Monte-Alto)



30 millóns de turistas
Van á Coruña en agosto
Veñen mirar o eclipse
Como se cheira o negocio!

Ópticos e optometristas
xa fixeron unha entente
para subirlles os prezos
as pantallas e os lentes


Non me mires, non me mires
Non me fites cara á cara
Que podes rematar chosca
Aínda que estea eclipsada

30 millóns de turistas
Van á Coruña en agosto
4 a mirar o eclipse,
os demais xantar o polbo

Os oculistas pediron
que usemos lentes da China
Para garantirse ingresos
Para esta e a outra vida

QUIXERA SER

(Quisiera ser, do Dúo dinámico)



Quixera ser putero no (P)SOÉ
para poder violar sen compaixón,
quixera ser calquera do PP
para eu ter dereito a comisión.

Quixera ser tenente de alcaldé
para insultar sen conmiseración
e disolver a fiscalía para sempre
e acabar co Estado... español.

Quixera ser da Xunta president
para mandar nesta televisión
quixera ser mozo dun mandamás
para poder vivir nun aticó.

Quixera ser cuñado de Valentín
e traballar na súa deputación
E disolver a fiscalía para sempre
e acabar co Estado... español

Quixera ser democrata cabal

fillo leal da santa Transición
e disolver a fiscalía para sempre
e acabar co Estado... español.

E disolver a fiscalía
e acabar co Estado

quixera ser... bo español
quixera ser... bo español

O TRAMPULHEIRO

(O cabalinho, Pedro Sampaio)



Esse Trump enloqueceu,
ele quer montar em cima de nós,
há que capá-lo de vez,
tá pensando que o mundo é seu
e eu vou dizendo assim:

Cai, e cai o trambulheiro,
cai, cai, cai,
e cai o trambulheiro,
cai, cai,
e cai o trambulheiro,
cai, cai, cai,
Olha o porcão, que vem, vem...

Olha o porcão, porcão, porcão,
porcão, olha segura fascista
senão vai acabar com nós.

(bis)

TRAMP-PULHEIRO
queres o petróleo,
es um trambulheiro,
invades Venezuela,
es um trambulheiro,
sequestras Maduro,
es um trambulheiro,

TRAMP-PULHEIRO
queres Groenlandia,
es um trambulheiro,
fodes Palestina,
es um trambulheiro,
violas meninas,
es um perverso,

NETANYAHU
matas a crianças
es um assassino,
matas mães e velhos
es um assassino,
doutoras jornalistas
es um assassino,
HIJO-Putosssshhhh

II. FERRETES E DERIVADOS CONSELLO XERAL DO PODER GHRELAR



O MEU CONSELLO O TEU BANQUILLO

PRESENTACIÓN

Aquí están as Orzaneiras
dispostas para cantar
levamos funil e grelo,
Ai, a flor do carnaval!

Non temos remordementos
tampouco amplificación
nós cantamos libremente
sen chupar da subvención.



DE MEIRÁS MARCHEI / EU PETAR, PETEI / CAOLIN*(A Santiago voy – Eu chorar, chorei - Katusha e Kalinka)*

Por aí ven un turista
pecha a porta que quere pasar

- Pecha Carmiña que veñen!

No 75 morreu
Francisco Franco
meteu na súa herdanza
todo aquilo que foi roubando

No 75 morreu
Francisco Franco
deixou á súa filla
aquelas Torres
que chaman Pazo.

Se ti vas ver a casa de dona Emilia
sen anunciálo:
Non pode *señorito* todo está atado e
ben atado!

A Meirás eu vou
A Meirás eu vou
todo contentiño
porque está feita a Transición

-Pecha Carmiña que veñen!

Por aí ven un turista
pecha a porta que quere pasar

De Meirás marchei
sen poder eu ver o pazo
ten a porta pechada
porque é o velorio
da Carmen Franco.

De Meirás marchei
sen poder eu ver o pazo
está dentro o Notario
a casa Cornide
están partillando.

Se ti vas ver a casa de dona Emilia
sen anunciálo:
Non pode *señorito* todo está atado e
ben atado!

De Meirás marchei (x2)
como outro estafado
polo calote da Transición.

Por aí ven un turista
pecha a porta que quere pasar

De Meirás marchei Marche!

Eu petar, petei
na porta do Pazo [bis]
que vai vir a Carmen
a abrir o candado.
A abrir o candado
pero coa esquerda [bis]
c'outra man non pode
que a ten moi tesa.
Que a ten moi tesa
e chea de moscas [bis]
porque o San Martiño
chegou para a porca.

Caolín, Caolín, caolín, para Orzán.
Unha liña de camiións por
[Alfonso Molina
van pra Riazor. Levarán area
[fina?
Que sorpresa levaron os
[bañistas!
Non era area, era pedra moida
Que sorpresa levaron as [
bañistas!
Non era area, era pedra moida

Caolín, Caolín caolín, para Orzán.

**PORTA XIRATORIA***(Xirarei, Xil Rios)*

Antes de chegar a conselleira
foches unha enxeñeira
de IBM, con caracter e industrial

Logo candidata a alcaldesa
dunha cidade parada
percorrida en carro-MATO oficial

Pero para colocarme teño que ...
XIRAR!

Quero ser amiga de Florentino
seguirei militando no PP
Entrarei pola porta xiratoria
Xirarei, xirarei, xirarei!

Eucaliptos hai os mesmos que en
Australia

e agora aquí en Greenalia
tamén ímolos queimar.
Son Bea e mato pola biomasa
canta máis mellor se pasa
que ben ímolo pasar.

SEGURO A FEIJOO*(El hombre del tiempo)*

Vai falar Felipe VI
a todos os seus vasalos
pois anda algo molesto
coa cousa dos deputados

Pois aquelas maiorías
das que tanto desfrutamos
os votantes egoistas
estannas escarallando
soamente Galicia ten un
sistema neo-liberal

Galicia quere que volva Feijoo
que volva Feijoo que volva Feijoo

Asi que españolito
se queres paz e progreso
non votes nunca distinto:
vota partidos resesos!

Pois de todos os gobernos
a democracia máis pu- ra
é na que no parlamento
ten maioría absoluta
soamente Galicia ten un
sistema neoliberal

Gracias ao bipartito
Galicia ten a Feijooooooo
... e a Tellado con El.



ABEL O RADIANTE*(El rey, de José Alfredo Jiménez)*

Yo se lo que en Vigo quieren
que con luces yo los ciegue
y los voy a iluminar!

- Nos va a iluminar!
- Nos va a iluminar!

En Nova York alucinan
dirán: que é iso que eclipsa
a Estatua da Libertá.

O Príncipe todo enteiro,
Bouzas e o porto pesqueiro,
vouvos a iluminar!

Eu son Abel o radiante
in english parlofalante
e ninguén me apagará!
E coa noria na Alameda
verannos ate en Burela
Cos once millóns de leds

- Con millóns de leds!
- Con millóns de leds!

Vexo Vigho e non Cangas
porque está toda eclipsada
coas luces deste Nadal

O Principe todo enteiro,
Bouzas e o porto pesqueiro,
vouvos a iluminar!

Eu son Abel o radiante
in english parlofalante
e ninguén me apagará!

(BIS RÁPIDA) VIVA VIGO!!!

NO PARROTE NON TE BAÑES*[Ay, Jalisco, no te rajes]*

Ai, Parrote, Parrote, Parrote
tiñas unha praia xunto ao lavadoiro
cala ben feitiña, un grande tesouro

que o noso urbanismo fixo sumidoiro.

A xente bañouse na praia
por centos de anos sen preocupa-
cións
e un día de maio chegou a alcaldesa
e dixo: «¡Prohibido, aquí mando yo!»

Retrouso

No Parrote non te bañes
prohibiuno o Concello
mais Núñez Feijoo
levamos cen anos nadando no sitio
Que viva o bañismo!
Morte o [prohibidor!]

[BIS]

Ai, Parrote, Parrote, Parrote
morreu unha praia naceu La Solana.
As nosas bañistas,
mulleres ben bravas
non cumpren as ordes
inxustas e malas.

No Parrote o poder ameaza
a quen o cuño remolle na auga
as nosas bañistas, sereas anarcas,
tamén a corrente da lei remontaban.

*Retrouso***A PASARELA***(Pandeirada, de Andrés do Barro)*

A pasarela de Marineda
ten un deseño que da xenreira.
A pasarela de Marineda
ás urbanistas de toda a terra
seus catro anos levou facela
que pasarela para gastar!

A pasarela de Marineda
é medio torta porque é moderna
coa pasarela de Marineda
nosos caciques votos releán.
Seus catro anos levou facela
que pasarela para gastar!

Retrouso

Vai, ven, vai e ven e pasarelado
dereito e do revés
Vai, ven, vai e queima a visa
dende Agrela ao Corte inglés.

A pasarela de Marineda
inaugurada por toda a peña:
o presidente e a conselleira
mais a alcaldesa e Mato, Bea.
Seus catro anos levou facela
que pasarela para gastar!

O presidente cruzou primeiro
que para iso puxo o diñeiro.
Os caciquiños todos do Reino
ían detrás ulindo o seu cheiro.
Seus catro anos levou facela
que pasarela para gastar!

Retrouso

O presidente está ben ledó:
«A marabilla do mundo enteiro
máis que o Coloso e a de Keops
é a miña ponte de chatarreiro.»

Seus catro anos levou facela
que pasarela para gastar!
Retrouso (BIS)

A FOLIADA DO GALIBO*[Foliada da Cruna]*

Rebaixaron medio metro
ao faceren aquel tunel
rebaixaron medio metro
aforraron catro pesos
que levou un concelleiro.

Retrouso

Se ti tes o galibo superado
ten coidado co tunel aí, coitado!
(Bis)

E non quedan policíaas
para vixiar o túnel
e non quedan policíaas
que andan todos recadando
na outra entrada da mariña

Retrouso

Ala ven un camioneiro
espelido e afoutado
ala ven un camioneiro
como e un pouco chosco
non vai ver o gran letreiro

Retrouso

O tunel cun camion
e como quede atascado
o tunel cun camión
a Marea ten remedio:
sempre che hai un bo “chupón”

